



DATOS IDENTIFICATIVOS

Proxectos fotográficos

Materia	Proxectos fotográficos			
Código	P01G010V01907			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Pintura			
Coordinador/a	Sendón Trillo, José Manuel			
Profesorado	Sendón Trillo, José Manuel Tejo Veloso, Carlos			
Correo-e	msendon@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Exploración das posibilidades da fotografía como medio para a produción artística. Relación entre fotografía e arte contemporánea, lembrando os referentes históricos precisos. A parte práctica basearase na realización de traballos analóxicos en branco e negro e traballos dixitais.			

Competencias

Código	
C1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
C2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
C5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
C7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
C9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
C19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
C20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
C21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.
C25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
C31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
C32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
C39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
C42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
C43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
C44	Habilidade para realizar, organizar e administrar proxectos artísticos innovadores

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da fotografía como campo artístico contemporáneo.	C1 C5

Coñecemento dos principais recursos técnicos, visuais e conceptuais da fotografía actual.	C5 C7 C9
Coñecemento das principais temáticas da práctica artística actual en fotografía.	C5
Coñecemento das diferentes concepcións da fotografía.	C1 C2 C5
Capacidade de desenvolvemento dos propios intereses artísticos dentro da fotografía.	C19 C20 C21
Capacidade de adecuar os recursos fotográficos actuais ao traballo persoal.	C20 C21 C25
Capacidade para aplicar técnicas, sistemas e procesos fotográficos á creación artística.	C31 C32
Capacidade para expor e desenvolver proxectos no ámbito da fotografía.	C32 C39
Habilidade no manexo das diversas ferramentas conceptuais e visuais da linguaxe fotográfica actual.	C42 C43 C44
Habilidade no uso de procesos de captación e procesado da imaxe fotográfica.	C42 C43
Habilidade para o uso de dispositivos fotográficos.	C42 C43
Habilidade para o desenvolvemento de proxectos creativos no ámbito da fotografía.	C43 C44

Contidos

Tema	
-Sobre a natureza da fotografía	-O discurso da mímese. -A fotografía como transformación do real. -A fotografía como pegada. -Autores que reflexionan na súa obra sobre o verismo fotográfico. -O acto fotográfico: fotografía tomada/fotografía construída
A fotografía numérica	-Diferentes concepcións con respecto á natureza da fotografía numérica. -O verismo fotográfico e a imaxe numérica. -A fotografía e as redes sociais. O selfie. -A denominada posfotografía. Da memoria á conectividade
O acto fotográfico	-Fotografía tomada. -Fotografía construída.
-Espazos discursivos da fotografía	1-Ubicación da fotografía -Espazo discursivo da pintura / Espazo propio. -Xéneros / Espazos discursivos. 2-Documento, arquivo e concepto de autor. -Estilo documental. -O arquivo como estratexia artística. 3-A fotografía en diferentes campos, posibilidades creativas e desprazamentos de espazo discursivo -A fotografía xornálistica. As revistas ilustradas. -A fotografía publicitaria. -A fotografía de identificación. -A fotografía privada.
O libro de fotografía	-Axentes e proceso de produción do libro fotográfico. -Libro de autor / libro de editor. -Libros referenciais. -Auxe contemporáneo do fotolibro.
-A fotografía e a arte contemporánea	1-Referentes históricos: Pictorialismo e vangardas históricas. 2-Anos 60-70. A foto como documento da obra. -A arte dos fotógrafos / A fotografía dos artistas. 3- A fotografía contemporánea. -A posmodernidade e a fotografía. -A forma cadro. -Diferentes propostas contemporáneas.

-Contidos prácticos

- 1- Manexo da cámara analóxica.
 - Revelado e positivado analóxico en branco e negro.
- 2- A imaxe numérica. Arquivos de imaxe.
 - Manexo da cámara dixital.
 - Realización de copias. Diferentes procesos.
- 3- Propostas.
 - Definición e resolución.
 - Formulacións expositivas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	33.5	70	103.5
Estudo previo	0	30	30
Lección maxistral	12	0	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1.5	0	1.5
Traballo	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	X alumnx terá que resolver as propostas que se formulen ao longo do curso, empregando a fotografía dixital e a analóxica. Deberá prestarlle atención á definición conceptual como na súa resolución formal e técnica. O profesor fará un seguimento continuo do traballo realizado polo alumno.
Estudo previo	X alumnx deberá realizar fóra da aula as tarefas marcadas na clase e na atención personalizada: consulta de bibliografía, visita de exposicións, toma de imaxes, realización de copias...
Lección maxistral	O profesor desenvolverá os contidos do programa, baseando as súas explicacións na proxección de fotografías potenciando, ao mesmo tempo, o debate sobre as imaxes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	O profesor realizará un seguimento continuo do traballo realizado polo alumno, realizando as preguntas, críticas ou suxestións que considere pertinentes en cada caso.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Seguimento semanal, de forma personalizada, do traballo realizado polo alumno. A asistencia as clases é imprescindible para aprobar.	25	C1 C2 C5 C7 C9 C19 C20 C21 C25 C31 C32 C39 C42 C43 C44
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita sobre os contidos dados no curso. Para aprobar deberase superar a nota de 3,5 neste apartado. A proba poderá ser nalgún caso complementada con algún traballo.	25	C1 C2 C5 C7 C9 C19 C20

Traballo	Traballo de temática libre (15 fotografías en branco e negro). Traballo de fotografía dixital (15 fotografías) Para aprobar deberase superar a nota de 3,5 neste apartado. A aplicación destes criterios poderá sufrir cambios en función das particularidades concretas do curso.	50	C21 C25 C31 C32 C39 C42 C43 C44
----------	---	----	--

Outros comentarios sobre a Avaliación

-As datas de entrega dos traballos prácticos iranse marcando na clase.

CONVOCATORIA DE XANEIRO

-Exame contidos teóricos: 14 e 16 xaneiro de 2019.

-Traballo temático 5 fotografías positivadas polx alumnx (Tamaño mínimo 18 x 24 cm)

-Serie de tema libre a cor de 15 fotografías (Tamaño mínimo 15 x 20 cm).

-Serie de tema libre en branco e negro de 15 fotografías positivadas polx alumnx (Tamaño mínimo 18 x 24 cm)

CONVOCATORIA DE XULLO

-Exame contidos teóricos

-Serie de tema libre a cor de 15 fotografías (Tamaño mínimo 15 x 20 cm).

-Serie de tema libre en branco e negro de 15 fotografías positivadas polx alumnx (Tamaño mínimo 18 x 24 cm)

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

-Exame contidos teóricos

-Serie de tema libre a cor de 15 fotografías (Tamaño mínimo 15 x 20 cm).

-Serie de tema libre en branco e negro de 15 fotografías positivadas polx alumnx (Tamaño mínimo 18 x 24 cm)

Probas de avaliación de convocatorias extraordinarias

<http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=31>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BAQUÉ, Dominique, **La fotografía plástica**, Gustavo Gili, 1998

DUBOIS, Philippe, **El acto fotográfico. De la representación a la recepción (capítulo)**, Paidós Comunicación, 1983

FONTCUBERTA; Joan, **El beso de Judás. Fotografía y verdad**, Gustavo Gili, 1997

FONTCUBERTA, Joan, **La cámara de Pandora**, Gustav Gili, 2010

FREUND, Gisèle, **La Fotografía como Documento Social**, Gustavo Gili, 1976

KRAUSS, Rosalind, **Lo fotográfico (capítulo)**, Gustavo Gili, 2002

Bibliografía Complementaria

BARTHES, Roland, **A cámara clara**, Edicións Laiovento, 2003

ROUILLÉ, André / LEGMANY, Jean Claude, **Historia de la fotografía**, Alcor, 1988

SEKULA, Allan, **□Sobre a invención do significado da fotografía□ (artículo en Grial 1339)**, Galaxia, 1998

SONTAG, Susan, **Sobre la fotografía**, Edhasa, 1981

Recomendacións

Outros comentarios

Tutoría: Martes 8 1/2 a 14 1/2 h. Recoméndase establecer previamente cita co tutor.